

Alienación e ideoloxía en Marx

1. - CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.- Contexto socio-histórico

Karl Marx desenvolve a súa actividade filosófica a partires da década de 1840. Nese momento débúxase un panorama europeo determinado polo auxo do industrialismo fundamentalmente en Alemaña e Francia (en Inglaterra xa foi). Ca revolución industrial prodúcese unha perda de protagonismo da nobreza latifundista e emerxe unha nova clase social que vaise facer co poder: a burguesía.

A sociedade do XIX divídese en dúas clases: a clase empresarial (burguesía) que ten os **medios de produción** e o **capital** e que- irase enriquecendo progresivamente (proceso que non reverte na mellora das condicións de vida dos traballadores); e clase detentadora da forza de traballo (proletariado) que cada vez é máis pobre.

A industrialización trae consigo o deterioro e pauperización da gran maioría da poboación. A nova clase social, o **proletariado**, sobrevive nos peores barrios das grandes cidades. O maquinismo, é dicir, a introdución de maquinaria e a sistematización dos procesos de produción, forman parte da estratexia de aumentar produción e reducir custos. O auxo da industria provoca a necesidade de incorporación masiva de man de obra nos procesos de produción. O groso desta man de obra incorpórase á industria na ausencia de mecanismos reguladores da oferta e demanda, e sen a fixación de condicións salariais nin laborais. A necesidade de incremento da produción por parte da clase dominante, provoca a incorporación das mulleres e os nenos á cadea de produción; a este sector págaselle menos, por ser menos “especializado”, por tanto o enriquecemento da clase empresarial é cada vez maior e maior o empobrecemento da clase traballadora.

1.2.- Contexto filosófico (influencias recibidas por Marx)

1.2.1. A dereita hegeliana. A **filosofía transcendental** de Kant deu paso ao Idealismo alemán cuxa figura culminante foi Hegel (non existen os obxectos do coñecemento senón que a realidade é froito da actividade humana que a crea a través do **Sistema Dialéctico**: tese, antítese e síntese). O panorama filosófico europeo estivo ocupado pola figura de Hegel e os seus seguidores ata 1831, ano da súa morte. Pouco despois, o numeroso conxunto dos seus discípulos divídese en dúas ramas que representan dúas tendencias políticas:

- A **Dereita hegeliana**: conservadores. Sostiveron a ideoloxía do Estado prusiano, coas súas institucións e os seus privilexios económicos e sociais, En esencia xustificaban o Estado existente.

- A **Esquerda hegeliana**: que utilizaron a teoría da dialéctica para soste que non era posible deterse nunha configuración política determinada (ese estado prusiano en concreto), senón que, a dialéctica histórica, debía negar ese momento e superalo para realizar unha racionalidade máis elevada. Pretendía negar o Estado existente (vertente revolucionaria). Marx aliñouse con esta última corrente.

1.2.2.- Ludwig Feuerbach (1804 - 1872) Realiza unha crítica relixiosa que, nun primeiro momento, será adoptada con entusiasmo por Marx pero que despois non lle parecerá suficiente. Segundo Feuerbach: «A conciencia que o SH posúe de Deus é a conciencia que o home posúe do que lle falta a se mesmo». Noutros termos: o SH pon as súas aspiracións e os seus desexos fóra de se mesmo e constrúe a Deus; iso o leva a un **estrañamento de se mesmo** (ve toda a súa imperfección, todo o que lle falta); este proceso denomínase **alienación**. Por que se produce todo este proceso: porque o SH atópase cunha natureza insensible ante os seus sufrimentos e alivia na relixión o seu propio corazón oprimido.

1.2.3.- El socialismo utópico. A idea de que era necesario cambiar/mellorar as condicións de vida da clase obreira, non era nova. Durante todo o século XIX xorden voces nese sentido. A este grupo de pensadores dáselles o nome de “socialistas utópicos” porque pensaban que a mellora das condicións de vida do proletariado virían da boa vontade dos patróns; non estaban de acordo ca revolución. A mellora viría polo progreso científico-tecnolóxico, un novo concepto de xustiza, unha nova maneira de entender a PP. Os máis significativos son:

1.2.3.1.- Saint-Simon (1760-1825): a ciencia e a técnica serán a base da nova sociedade. Afirmar que a historia está rexida por unha LEI DE PROGRESO. Nesta nova época o poder espiritual corresponderá aos homes de ciencia, que poderán predicir a maior cantidade de cousas. Os científicos substituirán aos eclesiásticos, e os industriais aos guerreiros. A ciencia e a tecnoloxía atópanse xa en condicións de solucionar os problemas humanos e sociais. O progreso cara á nova idade orgánica, dominada pola filosofía positiva (filosofía que se atén aos feitos e a ciencia), é algo inevitable. Segundo Saint-Simon, a acción do Estado debería estar inspirada nun criterio supremo: a cada un segundo a súa capacidade, a cada un segundo as súas obras. A primeira regra sería a da PRODUCCIÓN, e a segunda, a da REPARTICIÓN.

1.2.3.2.- Charles Fourier (1772 - 1837) e o “novo mundo societario”. Discípulo de Saint-Simon. A idea central de Fourier é que na historia existe un grandioso PLAN PROVIDENCIAL do cal non cabe excluír ao home, o seu traballo e a maneira de configurarse a sociedade. Por iso, se se quere respectar o plan harmónico de Deus, a organización social debe converter o traballo en algo atraente, cara ao cal o home senta chamado. Tanto é así que, en lugar de obstaculizar a natural tendencia ao pracer, é preciso utilizala en vista do máximo rendemento. A moral actual, segundo Fourier, bloquea as paixóns e xera así a hipocrísia. As paixóns ou atraccións non deben verse coartadas, senón liberadas e dirixidas cara ao seu máximo rendemento. Fourier cría que a organización máis adecuada para este propósito sería a «falanxe» (conxunto dunhas 1600 persoas que residen nun «falansterio»: unidades agrario-industriais, cuxas vivendas son albergues e non cuarteis, e onde cada un acha diversas ocasións de satisfacer as súas inclinacións). As mulleres estarían equiparadas aos homes; aboliríase a vida familiar, dado que os nenos serían educados pola comunidade; desaparecería o cansazo das tarefas domésticas. No falansterio áchase vixente unha completa liberdade sexual. Ninguén está vinculado a un traballo específico. Cada un producirá o que lle guste producir. Con todo, para evitar a monotonía da repetición, cada individuo aprenderá polo menos corenta actividades profesionais distintas e cambiará de traballo varias veces ao día.

1.2.3.3.- Pierre-Joseph Proudhon (1809-1865): e a “autoxestión obreira da produción”. Promotor de movementos sindicais, mutualistas e pacifistas, Proudhon mostrouse ao mesmo tempo contrario á propiedade privada e ao comunismo. Viu que o fundamento da economía burguesa consistía na propiedade privada ao que responde: «A propiedade é un roubo.» porque o capitalista non lle entrega ao obreiro o valor íntegro do seu traballo e quédase cunha parte.” A «forza colectiva» -resultante da forza de moitos traballadores organizados- consegue unha produtividade moito máis elevada que a obtida mediante unha suma dos distintos traballos individuais. O capitalista aprópiase do valor do traballo colectivo. En consecuencia, o ordenamento socioeconómico burgués está equivocado; hai que cambialo. En que dirección? Proudhon descarta de inmediato a hipótese comunista, que somete a persoa á sociedade.

Proudhon propón un novo ordenamento social baseado na XUSTIZA. A xustiza, segundo Proudhon, é a lei do PROGRESO. Proudhon rexeita a concepción da xustiza como algo imposto por un Deus, desde fóra. E

tamén desencadea unha crítica encarnizada contra toda solución colectivista do problema económico. Se se poñen nas mans do Estado todos os medios de produción, entón a liberdade dos individuos particulares vese limitada ata quedar afogada, e aumenta -en lugar de desaparecer- a desigualdade social. O comunismo non elimina os males da propiedade privada, senón que os leva ata o seu último extremo: no comunismo, o Estado, non só é propietario dos bens materiais, senón tamén dos cidadáns. A solución pasa por reorganizar a economía facendo que os traballadores se convertan en propietarios dos medios de produción e que, por tanto, teñan a posibilidade de autoxestionar o proceso produtivo.

En principio Marx recibiu con entusiasmo o escrito de Proudhon ***Que é a propiedade?***, pero logo criticou con forza o seu pensamento ao que chamou a “filosofía da miseria”. A través dos elementos anarcosindicalistas do seu programa, Proudhon influíu sobre Bakunin e, logo, sobre Kropotkin. A maioría dos membros franceses da Primeira Internacional eran proudhonianos (contrarios ás folgas e á revolución política e defensores do mutualismo).

1.2.4.- Os economistas clásicos: A economía clásica (os fundadores do liberalismo económico como Smith, Malthus e Ricardo) tiñan a pretensión de acadar leis universais desde o convencemento da existencia dunha orde económica natural que só a razón pode descubrir e que ao longo da historia as leis positivas deben respectar. É dicir, que **existe un modelo económico anterior a calquera tipo de modelo produtivo e que non se pode variar**. Deles, Marx toma as categorías da análise económica (teoría do valor traballo) que despois reformulará, e outros conceptos da economía clásica (plusvalía, teoría do valor- traballo e a lei de bronce dos salarios).

1.3.- A crítica de Marx

1.3.1.- Crítica a Hegel: Lembremos que Hegel era un pensador de corte idealista. De modo similar a Platón, considerou que a Idea e o racional eran a orixe e a explicación do mundo material. É dicir, o material, o sensible, o inmanente, era tan só unha consecuencia do desenvolvemento da racionalidade ou da idea (Hegel chámalle o **Espírito Absoluto**). Isto supón que o mundo material, ao derivarse da plena racionalidade, ao ser o seu desenvolvemento, está ben como está. Non debemos ser suxeitos revolucionarios debido a que xa impera o que debe imperar, o desenvolvemento racional no mundo. Ser e deber ser coinciden en Hegel e na dereita hegeliana. Ista é a maneira infalible de xustificar todo o que pasa (a realidade). Marx considera que a filosofía de Hegel interpreta o mundo dunha maneira invertida. Hegel razoa como si as institucións existentes procedesen dunha pura necesidade racional, e deste xeito lexitima como inmutable a orde xa existente. En opinión de Marx, o que Hegel fai en realidade é transformar en verdade filosófica o que non son máis que simples feitos históricos e empíricos.

1.3.2.- Crítica a Feuerbach: **Marx acepta a súa crítica pero lle recrimina** que se detivera ante o problema fundamental e non o abordase: o SH crea a relixión e aliénase proxectándose en Deus, só cando a existencia real na sociedade de clases prohibe o desenvolvemento e a realización da súa humanidade. Como consecuencia, para superar a alienación relixiosa non basta con denunciála, senón que hai que cambiar as condicións de vida que permiten que xurda e prospere a «quimera celestial».

1.3.3.- Crítica do socialismo utópico: Marx tivo contacto con estes pensadores pero sempre os detestou por teóricos, moderados e antirevolucionarios.

1.3.4.- Crítica da economía clásica: Non acepta “as leis” universais da economía. Son a forma de obstaculizar e xustifica un sistema de relacións existentes nun estadio determinado da historia humana. Transforman un feito

histórico en lei, en lei eterna, para consolidala e facela intocable. Para Marx isto é **ideoloxía**. A economía política dínos que as cousas funcionan así, pero non nos di por que funcionan así, nin sequera expón a posibilidade de cambialas.

2.- O PENSAMENTO DE KARL MARX (1818 - 1883)

2.1.- Materialismo histórico

2.2.1.- Materialismo histórico como método

Marx non cre que o que define ao SH sexa a razón; para el o que nos define é a nosa capacidade de facer, de traballar, de transformar. A orixinalidade do método en que Marx analiza a historia é a pretensión de analizala cientificamente. Parte da proposta de que o que condiciona a historia da humanidade non é, como pretendía Hegel, o espírito ou a razón no seu desenvolvemento perfecto e necesario, senón **o tipo de relacións de produción establecidas**. En definitiva, estamos a falar do modo de produción (como o SH produce o que necesita e as relacións materiais que isto xera) e como este condiciona todas as demais manifestacións humanas (vida social, política, valores morais, leis, arte, ciencia), e non o contrario. Dito doutro xeito: a maneira na que produce define como é a sociedade; e non ao revés, como pretendía Hegel e a Ilustración. A esta maneira denomínaselle **materialismo histórico**.

2.2.2.- Características do materialismo histórico

1. Paso do plano da especulación sobre a idea da sociedade ao tratamento sistemático dunha relación historicamente determinada (produción nun tempo e lugar concreto como determinante).
2. Fronte, á filosofía especulativa (Hegel e toda a tradición idealista), empírica: Marx defende o carácter non ideal senón material da sociedade.
3. Pretende ser unha actitude científica: o método ten como obxectivo atopar a LEI dos fenómenos, e descuberta esta lei estúdase detalladamente as consecuencias a través das cales se manifesta na vida social.

2.2.3.- Consecuencias do materialismo histórico

1. Concepto de historia: o SH é o suxeito protagonista da historia. A historia é entendida como sucesión de diferentes relacións sociais materiais e convértese no laboratorio dentro do cal o historiador repite os procedementos do científico experimental.
2. Determinación das conexións histórico-xenéticas dos diferentes modelos sociais. Marx busca unha serie de relacións conceptuais que permiten analizar as leis que sinalan a transición dun modelo a outro (como o paso da sociedade feudal ao capitalismo), así como a reconstrución dos mecanismos do desenvolvemento histórico relacionado co funcionamento e as correlacións de cada sistema de produción.
3. Movemento social determinado por leis independentes da vontade e a conciencia (marxismo como filosofía da sospeita). O movemento social é un proceso histórico - natural dirixido por leis que son independentes da vontade, a conciencia e a intención dos homes, máis aínda, son precisamente esas leis as que determinan a vontade, a conciencia e as determinacións daqueles.

2.2.- A concepción materialista da historia

2.2.1.- O traballo: O traballo é a actividade creadora do SH. O traballo sitúanos na natureza e converte a esta en traballo produtivo de bens materiais. O que define ao SH é o traballo produtivo (facer cousas), e non o coñecemento contemplativo (como se expuxo desde sempre dende a filosofía). No traballo o SH achégase a si mesmo, desenvólvese, poténciase. **O SH proxectase nos seus produtos;** pon neles enerxía, tempo e esforzo; son parte del. Converte ao produto nunha obxectivación do que el é. É coma se o produto do traballador tivese rostro humano: sae do interior do home e materialízase fora. Na historia, os produtos humanos dunha determinada etapa, fainos posible coñecer aos individuos que os crearon; en eles está proxectado o seu pensamento, a súa “maneira de ser”.

2.2.2.- Factores de produción: Debido á importancia que lle outorga ao traballo, Marx verase obrigado a analizar pormenorizadamente o proceso produtivo, concluíndo que está composto polos seguintes factores:

- **1. Proceso de traballo:** transformación dun obxecto en produto útil e de servizo. Inclúe: o obxecto (sobre o que actúa a forza transformadora do traballador); os medios de traballo (elementos imprescindibles para a transformación); e a forza de traballo (enerxía humana necesaria empregada para o proceso).
- **2. Relacións de produción:** relacións que se establecen entre aqueles que detentan os medios de produción (máquinas e capital) e aqueles que posúen a forza de produción (forza de traballo). Dúas características definen esta relación: (1) é unha relación conflitiva (relación de explotación onde o traballador vende a súa forza de produción non en condicións libres senón ao prezo, relación e condicións que establece o dono dos medios de produción (2) é unha relación antagónica entre a idea de colectividade de quen posúe a forza de traballo e a de exclusividade ou privacidade (propiedade privada) de quen detenta os medios de produción.

2.2.3.- Forzas de produción: son ou resultado da combinación da forza de traballo (enerxía humana) e os medios que posúen os traballadores para realizar o traballo. Marx asegura que unha forza de produción concreta determina unha estrutura social. Así unha sociedade ten dous niveis:

- **1. Estrutura:** constitúe a base material da sociedade (a **economía**) e integra tanto ás forzas produtivas (medios técnicos, e traballadores) como ás relacións de produción (relacións entre os actores do proceso produtivo). O modo de produción da vida humana (estrutura) condiciona a vida social política e espiritual dese grupo (superestrutura); pero ademais a explica e a xustifica (crea ou seu relato).
- **2. Superestrutura:** constituída polos elementos xerados a partir da estrutura e que actúan como xustificantes e lexitimadores da situación e tipo de sociedade do momento. Son: o dereito, o Estado, a filosofía, a historia, a arte, a relixión, os valores, os costumes, a ciencia, etc. Son, por tanto, o conxunto de ideas, crenzas, institucións, normas que definen a unha sociedade nun momento histórico dado. É a **ideoloxía**.

2.2.4.- Modos de produción: Marx sinala que o modo de produción non foi sempre o mesmo, cambiou ao longo da historia, dando paso a distintas relacións de produción (estruturas sociais). Sinala cinco modelos:

- 1. Primitivo ou asiático:** neste modelo non existe a propiedade privada posto que toda propiedade identifícase coa persoa do xefe do clan.

2. Escravista ou greco-romana: o señor atribúese os medios e a forza de produción. Esta propiedade é universal sobre a persoa, identidade, vida e forza de traballo.

3. Feudal ou medieval: relación entre o señor feudal e o servo que retén un curto espazo de liberdade aínda que as relacións de produción son de estrita dependencia respecto daquel.

4.Capitalista: o capitalista detenta os medios de produción e o traballador a forza de traballo. A enerxía ou forza de traballo propiedade do proletario véndese ao detentador dos medios de produción. Este establece unha serie de normas que en todo caso benefician o sistema (libre circulación da man de obra, compra da man de obra, lei de oferta e demanda, etc.). A man de obra queda reducida a un mero obxecto ou produto de intercambio e ás leis do mesmo, é mercancía.

5. Socialista: modo de produción evolucionado, proposto para a superación do anterior no que se elimina a propiedade privada e as relacións de produción capitalistas para pasar a unha propiedade colectiva dos medios de produción.

2.2.5.- Clases sociais e loita de clases: Marx sitúa a aparición dun sistema de clases moi básico no sistema económico primitivo e no escravista porque existe certa división do traballo por tarefas e sexos aínda que non pódese dicir que haxa unha especialización de traballo por clases. É o feudalismo logo, a orixe da formación clasista que derivará no sistema capitalista. Coa desintegración do feudalismo ven o desenvolvemento das cidades, o auxe do comercio e o incremento da produción que permite o intercambio de mercadorías e trae asociado o uso da moeda. Con isto facilítase o desenvolvemento da usura e a acumulación de cartos nas urbes o que fomenta a diminución das fortunas da aristocracia terratenente e permite aos campesiños máis prósperos librarse das ataduras dos señores feudais. Estes campesiños libres instálanse nas cidades agrupándose por gremios. Co tempo algúns destes obradoiros serán absorbidos polos grandes acumuladores de fortunas; a maioría de pequenas manufacturas desaparecerán e unhas poucas converteranse en grandes fábricas. A maioría de traballadores gremiais, máis moitos outros campesiños libres que abandonan as terras por mal vivir, convértense en traballadores asalariados. Marx denomina a isto: **clases de transición**; e sinala o proceso de formación do capitalismo na Inglaterra do S. XIV,

Pero tamén di que estas non son condicións suficientes para a aparición do capitalismo. É necesario unha serie de acontecementos estratéxicos que confluíron e fixeron posible a súa aparición: o encontro de América ou a circunnavegación de África, trae asociado o **imperialismo moderno** (apropiación de recursos, materia prima e forza de traballo) que supón o impulso definitivo para a acumulación de riqueza nunhas poucas mans no continente Europeo. Esta afluencia de cartos concentrada en poucas mans é a verdadeira semente do capitalismo. O desenvolvemento das primeiras fábricas fronte ás primitivas manufacturas artesáns, e a aparición de unha burguesía industrial (xefes de obradoiros ou comerciantes enriquecidos) propietarias destas fábricas, marcan a sociedade de finais do S. XVIII e xa plenamente no XIX, e crean un modelo de produción e unhas relacións capitalistas.

O materialismo histórico mostra como as clases xorden onde as relacións de produción esixen unha división diferenciada do traballo que permite a aparición de excedentes e a súa transformación en cartos. Esta produción excedente e os seus beneficios pasa a mans dun grupo ou clase minoritario que se coloca no papel de explotadora respecto a a masa de produtores ou man ou de traballo.

3.- CONCIENCIA E IDEOLOXÍA

A **conciencia está determinada pola praxe** (práctica, actuación no mundo material), praxe que é sempre social. É dicir: as nosas accións no mundo determinan o noso pensamento. Marx opónse así ao idealismo filosófico e histórico que consideraba que a conciencia se debía aos sistemas de ideas e que non tiña ningunha relación coa praxe social e histórica dos individuos e a sociedade (o que nos sucede crea o noso pensamento).

A **ideoloxía** defínese, así, como un produto da mente humana; unha visión deformada da realidade. Está conformada por todo o que forma parte da superestrutura, é dicir, o conxunto de ideas, crenzas, institucións e normas que configuran a conciencia social (e non esquezamos que a superestrutura ven determinada pola estrutura). Por tanto **a ideoloxía é a deformación que produce un tipo de economía sobre o pensamento** (no caso do capitalismo a subordinación á mercadoría, ao valor, ao Estado e ás súas construcións ideolóxicas). O Estado, que en principio, ofrécese como árbitro das "diferenzas" e, por tanto, xuíz imparcial, en realidade é outra manifestación da superestrutura e, por tanto, representa os intereses da clase dominante. A sociedade comunista supoñerá a desaparición da ideoloxía como deformación da realidade. (*Diferencia do concepto de Estado con Locke*).

3.1.- A alienación

Tal como dixemos, ao non existir reconciliación entre o produto e o traballador, o home perde parte da súa personalidade proxectada, inscrita no producido (o individuo non se recoñece no produto creado, élle alleo). Non ten, por tanto, "recompensa" para o seu esforzo e tempo. Pero ademais os medios de produción baseados na propiedade privada, fan que os produtos elaborados polo traballador non retornen a el (o traballador nunca poderá posuílos). Eses produtos non cumpriron ao seu fin: a produción social da vida. Isto é debido a que quedaron en mans duns poucos, os propietarios dos medios de produción. O capitalismo asume esta escisión (antinatural) como algo "natural" (traballo produtivo asalariado). Así se produce a **alienación**: en lugar de reconfortarse coa realidade dos seus produtos, considéraos como algo alleo, distinto del, da súa personalidade e identidade, e por tanto o seu esforzo non ten retorno. O traballador baleirouse das súas calidades que quedaron depositadas no produto pero o produto aparece como un ser distinto (estranho) do seu creador. Non hai reencontro, o produto non retorna ao traballador; o traballador queda escindido, alienado.

A alienación económica provoca no SH alienación en moitas outras dimensións da súa vida, facéndoo un ser extremadamente infeliz:

1. Alienación económica: raíz ou orixe de tódalas outras. O produto do seu traballo convértese en algo estranho para o propio produtor (home). Os produtos, estranhos ao propio traballador, convértense en fetiches (obxectos do desexo inacabables), que desencadean un proceso de escravización respecto a a mercadoría, diñeiro, capital, etc. Esta alienación proxéctase non só sobre a relación do traballador co seu produto, senón tamén nas relacións do home con/respecto dos outros homes.

2. Alienación social: nunha dobre vertente: Individual: inmerso e participante como persoa (esfera privada) na sociedade civil que está dominada por intereses económicos, intereses egoístas. Resultado: escisión entre individuo e sociedade.

3. Alienación política: participante na vida política, como esfera pública, atópase inmerso e é membro dun Estado que, lonxe de implementar o ben e os intereses comúns, representa e conforma os intereses da clase detentadora do poder económico (clase capitalista). O Estado actúa pois como un poder autónomo, oposto aos intereses do traballador. Resultado: escisión entre Estado e sociedade.

4. Alienación ideolóxica: ideoloxía = produto da mente humana ou forma de conciencia deformada que forma parte da superestrutura. Así, a creación teórica dun grupo (teoría ideolóxica) preséntase como unha forma de conciencia dominante. A maioría de homes toman como real o que é simplemente un produto dos intereses duns poucos. A ideoloxía convértese nun mito, nunha crenza incuestionable: escisión da realidade do individuo e o seu pensamento.

5. Alienación relixiosa: abandono do concreto e suxeición ao imaxinario. O individuo proxéctase fóra de si con unha serie de características que superan a inmanencia e crean un ente transcendente que é suxeito de todas as atribucións que coma SH non ten. Ese ente é denominado Deus. A alienación relixiosa supón un grao máis de subordinación en canto os seus obxectos non posúen referencia real e concreta algunha. O individuo anela o que non é e menospreza o que é. A relixión convértese así en resignación por aquilo que non posúe: escisión entre o que é e o que quere ser.

6. Alienación filosófica: Para Marx a diferenza entre alienación relixiosa e filosófica é simplemente de grao (a relixiosa é menos evolucionada que a filosófica, un chanzo anterior). A historia da filosofía ha teorizado/interpretado ao SH, encubriendo as verdadeiras determinacións que o definen e que permitirían entendelo como o que é. Esta deformación nace de desligar a teoría da práctica; a filosofía esqueceu a praxe humana como definición e determinación fundamental, e falou dun home abstracto e universal que para Kant non existe. Desde esta falsa interpretación, a filosofía impediu as posibilidades dunha comprensión obxectiva da esencia do ser humano centrada nas relacións coa natureza mesma e cos demais homes da que debería partir a verdadeira transformación. A filosofía foi un freo, un impedimento: escisión entre o home abstracto e o home real.

4.- AS LEIS DO CAPITAL

4.1.- Mercadoría e diñeiro

A palabra chave do capitalismo é **plusvalía**. Se a forza de traballo custase igual no mercado que o produto do traballo (a mercadoría), entón non se produciría a plusvalía e o capitalismo non existiría. Pero ocorre xusto o contrario: no prezo da mercadoría vai incluído o gasto das máquinas empregadas e o gasto da forza de traballo (salarios), e debe acadar un valor de cambio maior que o custo destes factores. A diferenza entre este custo real e ou custo do produto, é a plusvalía; é dicir o produto manufacturado polo traballador e convertido en cartos que deixou de percibir o traballador en forma de salario.

Marx sinala unha plusvalía absoluta e unha plusvalía relativa.

1. Plusvalía absoluta: é a prolongación da xornada laboral máis aló do punto no que o traballador xa ten producido o equivalente ao valor da súa forza de traballo. O método da plusvalía absoluta acadou a súa máxima difusión nos estadios iniciais do capitalismo, cando nas empresas predominaba aínda o traballo manual.

2. Plusvalía relativa: xorde como consecuencia de diminuír o tempo de traballo necesario e de aumentar, por tanto, a intensidade do traballo, co resultado do aumento da produtividade en menos tempo; e menos tempo de traballo é menor salario aínda que a produción sexa a mesma ou maior. A plusvalía relativa obtense á conta do incremento da produtividade.

5.- A EMANCIPACIÓN DA CLASE OBRERA

5.1.- O final do capitalismo.

O estrutura da sociedade capitalista leva en si mesma a propia contradición e a destrución (influencia da dialéctica hegeliana). O desaxuste entre a, cada vez maior alienación da masa traballadora e a, cada vez máis concentrada riqueza do capital en mans duns poucos, anuncia a destrución do mesmo sistema capitalista. Pero para iso é necesario que se produza a concienciación, liberación e emancipación da **conciencia alienada** da clase traballadora. A emancipación só xurdirá da clase sometida. O final do capitalismo é o poder da clase traballadora, e supón a culminación dos acontecementos forxados pola sociedade burguesa.

Ou final do capitalismo só poderá vir da unión de tódolos traballadores do mundo (máis aló de nacionalidades); isto supón adquirir **conciencia de clase**. Unha vez unidos o único camiño é a revolución (Marx non admite outra vía de superación).

5.2.- As etapas da revolución

5.2.1. Ditadura do proletariado: a primeira etapa da sociedade socialista prodúcese cando as características latentes da sociedade burguesa convértense en manifestas, é dicir, cando as propiedades do capitalismo chegan ao seu pleno desenvolvemento. A autoconciencia do proletariado difúndese progresivamente, e o capital centralízase e concéntrase. Esta conxunción posibilitará a chegada da sociedade socialista.

5.2.2. Erradicación da forma concentrada de Estado: transformación dialéctica do Estado mediante a subordinación á sociedade. A sociedade interponse na administración dos asuntos públicos, por tanto, prodúcese a desaparición do Estado como manifestación clasista e como unha entidade separada da sociedade civil.

5.2.3. A abolición final da propiedade privada: dará lugar a un novo modelo de organización social, a unha nova sociedade: o comunismo (etapa final). Coa superación do capitalismo, o SH recupera o seu eu alienado: xa non existen as relacións de produción de explotación capitalistas nin por tanto o dominio clasista: a ditadura do proletariado como etapa previa para a conformación final do comunismo.

5.2.4. O comunismo: para Marx o comunismo é a abolición positiva da propiedade privada, da autoenaxenación humana e, por tanto, a apropiación real da natureza humana. É, pois, a volta ao SH como ser social, é dicir, como realmente humano, unha volta completa e consciente que asimila toda a riqueza do desenvolvemento anterior (comunismo como naturalismo).

Marx sinala que a aparición do comunismo terá unha serie de fases:

- **1ª forma: O comunismo vulgar:** rexeitamento total da propiedade privada. Todos os homes deben ser reducidos a un nivel uniforme para que cada un teña igual participación na propiedade. Para Marx este non é o auténtico comunismo. Aquí a comunidade enténdese como comunidade de traballo e de igualdade de salario que paga o capital común: a comunidade como comunidade capitalista xeneral.

- **2ª forma: O comunismo político:** Eliminación do estado como proposta de reintegración ao home; superación do estrañamento. Este comunismo non capta aínda a esencia positiva da propiedade privada nin comprende a natureza humana da necesidade. Comprende o seu concepto, pero non a súa esencia.

- **3ª forma: O comunismo real:** abolición positiva da propiedade privada, como condición necesaria e imprescindible para a transición a unha nova sociedade. A abolición positiva significa apropiación real da esencia humana por e para o home o que implica un retorno do home para si en canto home social, é dicir, humano (recuperación do carácter social da existencia humana). Fronte aos economistas que consideran o propio interese como característica da natureza humana, o verdadeiro comunismo comprende que individuo e sociedade son mutuamente dependentes.

6.- CONSECUENCIAS DO PENSAMENTO MARXISTA

6.1.- Marxismo e futuro

Desde a morte de Marx en 1883, as súas ideas estendéronse polo mundo como sementes fértiles. É moi importante separar o marxismo teórico e filosófico das aplicacións históricas que tiveron lugar. E tamén é importante sinalar que, nin unhas nin outras foron especialmente fieis ás ideas de Marx; aínda que en honor ao seu propio pensamento: **non existe o abstracto senón só as concrecións históricas e reais das cousas.**

No primeiro campo, vertente ideolóxica, resaltar a chamada **Escola de Frankfurt**, herdeiros directos de Marx pero intelectuais teóricos (Max Horkheimer, Theodor Adorno, Herbert Marcuse, Walter Benjamin e Jürgen Habermas). Durante a IIGM, moitos destes pensadores e intelectuais marxistas emigran a EEUU facendo que o marxismo penetrase en universidades e institucións. A través dos membros desta escola (2ª xeración de marxistas teóricos) as ideas de Marx chegan á psicoloxía, pedagogía e socioloxía. Na década de 1960 eventos históricos varios non terían sentido sen as ideas marxistas: os disturbios estudantís do maio de 1968, o xurdimento da teoría maoísta, a crítica radical á proliferación de propaganda liberal dende os medios de comunicación de masas, a oposición á guerra de Vietnam, o alzamento do goberno de Unidade Popular encabezado por Salvador Allende en Chile, a revolta comunista de Cuba con Fidel Castro, a figura do Che Guevara ou a Teoría da liberación de sudamérica, nada disto tería sido sen a semente do marxismo.

No segundo campo, vertente política, grupos do mundo enteiro han apelado ao marxismo como base intelectual das súas políticas, que poden ser radicalmente distintas e opostas. Unha das maiores divisións ocorreu entre os reformistas, tamén denominados socialdemócratas, que alegaban que a transición ao socialismo pode ocorrer dentro dun sistema pluripartidista e capitalista; e os comunistas, que alegaban que a transición a unha sociedade socialista requiría unha revolución para instaurar a ditadura do proletariado. A socialdemocracia deu paso á formación do Partido Laborista e do Partido Socialdemócrata de Alemaña, e despois a moitos outros partidos Europeos. Os partidos comunistas foron especialmente potentes en: Italia, Francia, Hungría.

6.2.- Causas que trouxo o marxismo

- Diferencia entre formación e traballo, e conciencia de que hai un tempo para cada cousa: os menores deben de formarse e debe estar prohibida a man de obra infantil: **protección á infancia.**
- Revalorización do SH sexa cal sexa o seu nivel económico. Os traballadores son ante todo SH, deben ter tempo para o ocio e a diversión , non só para o traballo. O SH é un fin en se mesmos non un medio para conseguir algo: **dereitos universais do SH.**
- Retorno ao traballo creativo e gratificante. O traballo non é só produción de mercancías; o SH debe poder ser creativo e gozar do seu traballo: **dereito á realización dos SH.**

- Teorización do dereito á protesta e á revolución. Que as cousas sexan dunha maneira determinada non quere dicir que deban ser así; as cousas poden cambiarse e moitas veces temos a obriga de facelo.
Dereito á protesta e á revolución: **sociedade activa**.

- Pon sobre a mesa o concepto de “**sospeita**” : as cousas e acontecementos non son azarosos, teñen unha razón de ser, responden a intereses de clase: **manipulación das masas**.